



FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:		Data:		Nivel:	CELGA 3
------------------------	--	--------------	--	---------------	----------------

DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:					
DNI / NIE / Pasaporte:		Nacionalidade:			
Data de nacemento:	___ / ___ / _____	Sexo:	home <input type="checkbox"/>	muller <input type="checkbox"/>	
Lugar de nacemento:	<input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras rexións de España <input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía				
Lugar de residencia:	<input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea				
Tipo de estudos cursados:	<input type="checkbox"/> Universitarios <input type="checkbox"/> Secundarios <input type="checkbox"/> Primarios <input type="checkbox"/> Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lean detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empreguen bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúense á tarefa que se lles pide.
- Axústense ao número de palabras que se lles pide. Valorarase negativamente que non cheguen a ese número de palabras ou que se excedan demasiado.
- Non se lles proporcionará outro caderno de exame.
- Deben empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilicen o seu nome real no texto da proba nin marquen o exame con ningún sinal (por exemplo, non usen tñpex).
- Terán que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.

Celga



3



Proba A1

Vostede é o/a director/a dunha escola e, debido a que a taxa de estrés infantil aumentou moito ultimamente, decide advertir o profesorado dos riscos, das causas e dos síntomas do estrés infantil. Para iso, logo de escoitar a reportaxe, escíballe un **texto informativo**. Nese texto, de **300 palabras**, vostede debe:

- Explicar o motivo e o obxectivo do texto.
- Informar das causas do estrés infantil e do que se pode facer para evitalo.
- Facer fincapé na necesidade de vixilancia para detectalo e nos síntomas que poden dar pistas de que aparece.
- Propoñer e describir dúas actividades preventivas para realizar no centro.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the majority of the page, intended for the student to write their answers for the A1 test.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the central and lower portion of the page, intended for the student to write their response to the exam question.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the majority of the page, intended for the student to write their response to the A1 test question.



Proba A2

Vostede é xerente do supermercado CompraMax, nun barrio dunha cidade galega. A casa central decidiu recortar os gastos en bolsas de plástico e envioulle o documento explicativo “Bolsas desbotables: o que hai que saber”. O seu traballo implica concienciar os clientes das vantaxes das bolsas reutilizables. Para iso, tomando como base o documento mencionado, compoña un **texto informativo** para repartir entre a clientela. Neste texto, de **300 palabras**, vostede deberá:


- Saudar os clientes e agradecerlles que fagan a compra no seu establecemento.
- Argumentar a decisión da empresa en participar na loita pola defensa do coidado do medio, sintetizando as razóns polas que a empresa considera prexudicial para o medio o uso das bolsas de plástico.
- Propoñer, como mínimo, dúas iniciativas para diminuír o uso de bolsas desbotables.
- Despedirse, recordando o compromiso ecolóxico da empresa.

BOLSAS DESBOTABLES: O QUE HAI QUE SABER

- ✓ Unha bolsa de plástico pode tardar desde 15 a 1000 anos para descomparse. Nun terreo comprimido, privado dun ambiente biodegradable, as bolsas de papel tampouco se descompoñen rápido.
- ✓ As bolsas de plástico non son biodegradables, ademais a degradación causada pola luz fai que desprendan polímeros tóxicos, converténdoo nun maior risco para o medio.
- ✓ O custo de reciclar bolsas de plástico supera bastante o seu valor, polo que a maioría de recicladoras as evita e as mestura co resto do lixo. Deste xeito, só se recicla o 1% das bolsas de plástico en todo o mundo, e o resto queda indefinidamente nos vertedoiros.
- ✓ En Galicia utilízanse ao redor de 1000 millóns de novas bolsas de plástico por ano, unha media de entre 200 e 400 bolsas por persoa.
- ✓ Grazas ao seu escaso peso, as bolsas de plástico son os refugallos que máis probabilidade teñen de voar dos vertedoiros e quedar nas árbores, nas praias e no mar.
- ✓ Unha bolsa de plástico ten un tempo de uso medio de entre 12 e 20 minutos, mentres que descomparse pódelle levar uns mil anos.
- ✓ Se en Galicia non se usasen bolsas de plástico, deixaríase de contaminar tanto coma se houbera 5000 coches menos.
- ✓ As bolsas plásticas representan máis do 10% do lavado dos refugallos contaminantes na costa.




- ✓ De acordo co British Antarctic Survey, as bolsas de plástico atopáronse tan ao norte como o Círculo Polar Ártico e ao sur como as Illas Malvinas.
- ✓ Estímase que un millón de aves e 100.000 tartarugas, á parte doutros animais mariños, morren cada ano de fame, debido á inxestión de bolsas de plástico que bloquean os seus condutos dixestivos.
- ✓ Elaboradas a partir de produtos derivados do petróleo e do gas natural, as bolsas de plástico utilizan recursos non renovables e, en última instancia, contribúen a subir os prezos dos combustibles.
- ✓ A pesar do seu alto factor de reciclaxe, a investigación mostra que só o 20% de bolsas de papel son recicladas e que o resto comparte o mesmo destino que as de plástico.
- ✓ Nos recheos sanitarios, as bolsas de papel producen máis do dobre de desperdicio atmosférico ca as de plástico, o que as fai cuestionables como a mellor opción para o medio ambiente.
- ✓ Irlanda, o primeiro país europeo en gravar cun imposto as bolsas de plástico, diminuíu o seu consumo nun 90% desde 2002.
- ✓ Nos últimos cinco anos, máis dunha ducia de países decidiron pór un imposto sobre as bolsas desbotables.




ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the central and lower portion of the page, intended for the student to write their response to the A2 test question.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the central and lower portion of the page, intended for the student to write their response to the A2 test.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the central and lower portion of the page, intended for the student to write their answers for the A2 exam.